



_____, con DI _____, actuando en representación da Asociación para a Defensa ecolóxica de Galiza (ADEGA) en dirección Ronda das Fontiñas 180 entrechán e correo electrónico adegalugo@adega.gal, en relación co proxecto denominado “Prolongación do paso subterráneo baixo a N-VI” promovido polo Concello de Lugo,

EXPÓN:

Primeiro

O Concello de Lugo, para a actuación denominada “Prolongación do paso subterráneo baixo a N-VI”, incluída na estratexia “Da Muralla ao Miño _ Muramiñae”, encargou á empresa Inca Servicios y Proyectos de Ingeniería Civil S.L. a redacción do correspondente proxecto.

Pola vagueada entre os barrios da Cheda e do Carme circula un curso fluvial que, nacendo próximo a Fonte dos Ranchos, desemboca no río Miño a través do parque do Miño entre o Recinto Feiral e a Calzada Romana. Ese curso fluvial atópase entubado actualmente no paso baixo a N-VI, que se quere ampliar, e nos seus camiños de acceso.


Dito curso fluvial aparece recollido e grafado na planimetría oficial do **Plan Básico Autonómico de Galicia** (Decreto de aprobación 83/2018 e resolución de actualización de 25 de maio de 2020), tal como se pode ver na seguinte imaxe:



Imaxe 1. Xunta de Galicia. Plan Básico Autonómico

O proxecto define a estrutura necesaria para ampliar o paso baixo a N-VI e a pavimentación e iluminación dos seus camiños de acceso. Con respecto ao curso fluvial, mantén a mesma situación de entubado baixo os camiños, canalizándoo no paso baixo a N-VI.


A solución que propón refléxase na seguintes planimetrías que son parte do proxecto:



Sección del canal abierto bajo el paso inferior

Imaxe 2. Concello de Lugo, 2020, Anexo ao proxecto, p.16

Nota: estas cotas son aproximadas, debiendo realizarse un replanteo en obra para obtener las cotas exactas, atendiendo a las indicaciones de la Dirección Facultativa.



Imaxe 3. Concello de Lugo, 2020, Anexo ao proxecto, p.18

Segundo

O marco normativo actual reclama un tratamento respectuoso cos cursos fluviais nas intervencións que lles afecten. Así:

- De acordo coa resolución de 16 de abril de 2009, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, pola que se declara a inviabilidade do sometemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lugo aos trámites sobre avaliación ambiental, "*a normativa do PXOM deberá recoller medidas encamiñadas a conservar, restaurar e manter as canles do termo municipal do xeito máis natural posible, evitando calquera tipo de canalización ou regularización do trazado*". En todo caso, dita directriz hase de considerar como unha directriz de obrigado cumprimento en calquera actuación, pública e privada, que afecte á rede fluvial.
- Pola súa banda, as **Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, Decreto autonómico 19/2011, en adiante DOT**, recomendan que, con carácter xeral, se eviten as canalizacións cubertas dos cursos de auga (determinación 4.8.23 das DOT). No caso de canalizar, propónse a adopción de **solucións brandas** que compatibilicen a prevención de inundacións **coa conservación da vexetación da ribeira para favorecer a vitalidade ecolóxica dos ríos**. (determinación 4.8.24 das DOT). Nos casos nos que, conforme á lexislación urbanística, as correntes de auga de escasa entidade queden integradas nos

sistemas de espazos libres públicos en solo urbanizable, manterase o seu curso e as súas características naturais procurando conservar a vexetación de ribeira (determinación 4.8.25 das DOT).

As mesmas Directrices, no apartado 2.6 da memoria, adicado ao estudo da área urbana de Lugo e ao seu papel no sistema de asentamentos, recoñecen nesta área a dispoñibilidade de importantes activos urbanos ligados á súa contorna paisaxística e que as iniciativas de mellora deben incorporar a revalorización dos espazos naturais e paisaxísticos que rodean o río Miño e que forman parte da Reserva mundial da biosfera “Terras do Miño”, que achegan á cidade un elevado potencial para a súa promoción como cidade sostible e atractiva para o turismo cultural e ecolóxico. Para iso a conexión da cidade co Miño, **mediante corredores e bulevares verdes, e a mellora das zonas de ribeira** en toda a súa extensión pola Área urbana, constitúe para Lugo unha oportunidade **irrenunciable**.

- c) Así mesmo, as **Directrices de Paisaxe de Galicia, Decreto autonómico 238/2020**, recentemente aprobadas, na área paisaxística na que se encadra Lugo -chairas e fosas luguesas- establecen varios obxectivos en relación co tratamento da rede fluvial: unhas láminas de augas en chairas e vales e a súa **vexetación de ribeira** ben conservadas **como valores paisaxísticos en si mesmos e como conectores ecolóxicos**; e uns **cursos fluviais integrados nas tramas urbanas** e considerados como un elemento paisaxístico no planeamento urbanístico, establecendo zonas de transición para amortecer o impacto da cidade e permitindo a maior visibilidade posible entre a paisaxe fluvial e os espazos públicos da cidade.

Ao mesmo tempo incorporan distintas normas de obrigado cumprimento e tamén recomendacións:

Canto ás primeiras, normas de obrigatorio cumprimento,

*“Preservarase un espazo fluvial que respecte a dinámica fluvial natural para poder manter tanto corredores de ribeira como formas fluviais, de xeito que se conserve a funcionalidade ecolóxica, paisaxística e de conexión entre diferentes espazos (entre áreas urbanas e rurais, entre áreas urbanas ou entre diferentes espazos naturais). O respecto das formas fluviais incluírá a conservación dos leitos e da súa mobilidade (zonas de migración e inundación), mantendo a morfoloxía propia de cada sistema fluvial, así como a **naturalidade de marxes e leito, tentando de evitar a construción de proteccións de marxes, canalizacións ou encanamentos**” (determinación 4.3.1.1, LA.04 (N)).*

*“Incorporaranse **criterios paisaxísticos** nas actuacións de canalización tales como o emprego de materiais integrados coa contorna, a minimización dos movementos de terra, o emprego de especies vexetais propias da vexetación de ribeira e outros análogos” (determinación 4.3.1.1, LA.05 (N)).*

*“Tal como se establece nas DOT, promoveranse actuacións coñecidas como **técnicas de drenaxe urbana sustentable (TDUS)**, importantes para a consecución dun réxime hidrolóxico máis natural dentro das zonas urbanizadas, pero que tamén ofrecen beneficios estéticos e xogan un papel destacado na mellora da calidade visual dos espazos urbanos” (determinación 4.3.1.1, LA.06 (N)).*

Polo que atinxe ás recomendacións,

Con respecto ás infraestruturas e vías de comunicación, recomendan que os pasos sobre cursos de auga se resolvan, sempre que sexa posible, **evitando a canalización e a redución natural dos corredores ecolóxicos** (determinación 4.2.4.4, 3)

Con respecto as láminas de auga, recomendan (determinación 4.3.1.1):

- Calquera plan, proxecto o actuación considerará os cursos fluviais e a súa área de influencia como **espazos de valor paisaxístico**, polo seu **valor ecolóxico** e o seu **interese paisaxístico** transversal.
- Incorporaranse **criterios de integración paisaxística na planificación e deseño das novas infraestruturas e obras públicas que afecten ou atravesen cursos fluviais**.

Estes criterios potenciarán alternativas que **minimicen a eliminación da vexetación propia dos espazos fluviaís**, incentivando a súa protección e recuperación.

- Incentivarase a protección e recuperación da vexetación propia dos espazos fluviaís.
- Asegurarase a recuperación de zonas húmidas e contornos fluviaís degradados, para o cal adoptaranse as seguintes medidas:
 - Garantirase a recuperación ambiental e paisaxística dos cursos fluviaís. A recuperación do espazo fluvial e da chaira de inundación son medidas clave para permitir a recuperación dos sistemas fluviaís.
 - **Restauraranse e naturalizaranse os tramos degradados dos regatos e pequenos cursos fluviaís na contorna dos núcleos urbanos e das zonas periurbanas e industriais.**

Terceiro

Os bosques de ribeira xunto coa vexetación ripícola asociada son uns dos espazos de maior biodiversidade que constitúen importantes ecosistemas de transición para a flora e a fauna, formando en moitos casos importantes corredores ecolóxicos.

O rego da Cheda, augas arriba do entubado proposto no proxecto do paso subterráneo conserva boa parte do seu bosque de ribeira

En canto á protección da biodiversidade, o actual marco normativo tamén establece competencias e deberes ás entidades locais, así:

- a) Na *Ley 42/2007, de 13 de diciembre, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad, na súa disposición adicional segunda Medidas adicionales de conservación en el ámbito local establece:*

“Las entidades locales, en el ámbito de sus competencias y en el marco de lo establecido en la legislación estatal y autonómica, podrán establecer medidas normativas o administrativas adicionales de conservación del patrimonio natural y la biodiversidad”

- b) Na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, que ten por obxecto (art. 1) **“establecer o réxime xurídico da conservación, do uso sustentable, da mellora e da restauración do patrimonio natural, da biodiversidade e da xeodiversidade, aplicable no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia”**, establece no seu artigo 5.2 deberes de conservación:

“A Administración autonómica e as administracións locais galegas teñen os seguintes deberes:

- a) os previstos no artigo 5.2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, no seu respectivo ámbito competencial*

b) adoptar as medidas preventivas necesarias para evitar a execución de accións contrarias aos obxectivos desta lei e, se é o caso, determinar as medidas pertinentes para a reparación dos danos e as perdas causados

c) colaborar e cooperar entre si e coas entidades de dereito privado, nos termos establecidos nesta lei, para garantir un uso sustentable do patrimonio natural e da biodiversidade

d) incorporar criterios de sustentabilidade nas decisións sobre os aproveitamentos dos recursos, para garantir un gozo do medio natural que permita a satisfacción das necesidades das xeracións actuais e futuras.”

- c) No Artigo 79.2 da Lei 5/2019, faise referencia ás Reservas da biosfera en Galicia, recordando que a cidade de Lugo atópase na reserva da Biosfera Terra do Miño, estando o proxecto do paso subterráneo a poucos metros da zona núcleo desta reserva, así:

“2. Conforme o previsto no artigo 3 do Marco estatutario da Rede mundial de reservas da biosfera, as reservas da biosfera procurarán ser lugares de excelencia para o ensaio e a demostración de métodos de conservación e de desenvolvemento sustentable no eido autonómico, combinando as seguintes funcións:

*a) a función de conservación, para **contribuír á conservación das paisaxes, dos ecosistemas, das especies e da variación xenética***

*b) a función de desenvolvemento, para **fomentar un desenvolvemento económico e humano sustentable desde os puntos de vista sociocultural e ecolóxico***

*c) a función de apoio loxístico, para **prestar apoio a proxectos de demostración, de educación e capacitación sobre o ambiente e de investigación e observación permanente en relación con cuestións locais, rexionais, nacionais e mundiais de conservación e desenvolvemento sustentable.***”

Cuarto

Resulta evidente que o **proxecto referenciado** no apartado primeiro **non se atopa á altura das expectativas expresadas nas anteditas normativas**, renunciando á recuperación dos treitos entubados inmediatos ao paso baixo a N-VI e **tratando o treito de río baixo dita estrada como unha simple cuneta de formigón**, que non se atén ao trazado natural do rego –nin en planta nin no perfil lonxitudinal- e en cuxo deseño **non se teñen en consideración as necesidades de desprazamento da fauna** que puidera utilizar este corredor fluvial porque a sección da canle non asegura o calado necesario para a mobilidade da fauna acuícola, e o resalto previsto entre a canle e o treito entubado previo impide o remonte da fauna cara ao treito superior.

No proxecto analizado tampouco se teñen en conta e **non se respectan os ecosistemas e a súa biodiversidade, nin a paisaxe** polo que **non se pode considerar un desenvolvemento sustentable**. Bótanse especialmente de menos uns obxectivos e unha sensibilidade ambiental e paisaxística capaces de “sacar partido” á existencia dun recurso natural vivo –curso fluvial- como oportunidade para desenvolver unha actuación con valor paisaxístico que permitira restaurar e revalorizar todo o treito fluvial alterado e a biodiversidade vencellada ao mesmo.

Por todo o exposto, dende ADEGA reclamamos ao goberno deste municipio, como promotor da actuación, a **redacción e execución dun proxecto de restauración do curso fluvial afectado polas obras de “Prolongación do paso subterráneo baixo a N-VI”**, como unha actuación de recuperación do espazo fluvial, eliminación de obstáculos e elementos artificiais de alteración e recuperación das condicións hidromorfolóxicas naturais. De tal xeito que cumpra coa normativa de obrigado cumprimento e especialmente coa resolución de 16 de abril de 2009, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, pola que se declara a inviabilidade do sometemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lugo aos trámites sobre avaliación ambiental.

Reclamamos ao goberno deste municipio o necesario grao de conciencia ambiental, de xeito que calquera **presente e futuro proxecto incidente na rede fluvial municipal, promovido ou que teña que informar o Concello de Lugo, se ataña á normativa exposta no apartado segundo do presente escrito e se aproveite para poñer en valor, dende o punto de vista ambiental e paisaxístico, os treitos fluviaais afectados, para o que reclamamos tamén que se dote aos correspondentes servizos técnicos municipais da capacitación e sensibilidade ambiental necesarias**. Todo elo independentemente doutras accións que decidamos emprender.

En Lugo a 29 de marzo de 2021